



O CROMA

O croma é unha técnica audiovisual que vén utilizándose desde hai tempo en cinema, televisión e fotografía. Consiste en extraer unha cor dunha imaxe ou vídeo e substituír a área que ocupaba esa cor por outra imaxe ou vídeo, coa axuda dun equipo especializado: un computador, tablet ou móbil...

Hai anos que este recurso deu o salto á educación, converténdose nunha ferramenta clave na aula para promover metodoloxías activas.

A técnica do croma dános a posibilidade de establecer experiencias de aprendizaxe sen necesidade de saír de clase.

Permítenos enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe achegando un amplo abanico de posibilidades para traballar os diversos contidos, tanto en Educación Infantil, Primaria, como en Educación Secundaria Obrigatoria, dunha forma dinámica, lúdica e activa.



FORMACIÓN DO PROFESORADO

Co seu uso, o alumnado traballará practicamente todas as competencias: a competencia lingüística, competencia dixital, aprender a aprender, competencia social e cívica, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.



INVESTIGANDO CO ALUMNADO

Dentro das actividades programadas, ao abeiro do proxecto Polo Creativo o profesorado de diferentes niveis do CPI Atios asiste a unha formación sobre el Croma con Tomas Conde en donde se desenvolven os seguintes contidos

- Que es un croma y como usarlo físicamente
- Montaje de una estructura de croma
- Iluminación de un croma
- Edición en vivo de un Croma con OBS
- Croma para REUNIONES en ZOOM / Google Meet
- Croma en DIRECTOS de Youtube / Twitch
- El stop motion

ENLACE: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/35>

GALERIA DE FOTOS: <https://photos.app.goo.gl/JNQ8ZFD1YVAhfgMm8>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es

50 ANIVERSARIO